

Qué é a medula ósea?

A medula ósea é un tecido esponxoso que se atopa no interior de ósos planos (pelve, esterno...) e no que se fabrican as células nai, tamén chamadas proxenitores hematopoéticos, capaces de producir todas as células do sangue. Estas células nai tamén poden atoparse noutras fontes coma no sangue circulante e no sangue de cordón umbilical.

Qué é o transplante de medula ósea?

O transplante de proxenitores hematopoéticos, máis coñecido como transplante de medula ósea, é un tratamento para curar determinadas enfermidades do sangue como a leucemia, ao substituír as células defectuosas por outras normais procedentes dun doador san.

Aproximadamente, o 70% dos pacientes que necesitan un transplante non teñen un doador familiar compatible. Nestes casos iniciase a busca dun doador voluntario non emparentado cun alto grao de compatibilidade para que o transplante sexa un éxito.

En España a busca do doador iniciase a través do Redmo (Registro español de doador de medula ósea) no ámbito nacional en primeiro lugar, e en caso de que non se atope un doador compatible, no ámbito internacional.

Quén pode ser doador de medula ósea?

Calquera persoa con idade comprendida entre 18 e 55 anos que non teña ningunha enfermidade grave ou transmisible.

Características da doazón

A doazón de medula ósea ten carácter anónimo, altruísta, voluntario e universal, é dicir, dóase para a persoa que o necesite en calquera parte do mundo, e non impide que sexamos doadores para os nosos familiares se no futuro se precisase.

Cómo se realiza a extracción?

Hai dúas maneiras para a extracción das células nai necesarias para o transplante:

- Doazón de proxenitores de sangue periférico: as células nai tamén poden mobilizarse cara ao sangue circulante, para isto o doador ten que administrarse previamente uns fármacos inxectables durante 4 ou 5 días de forma ambulatoria. A extracción non precisa ingreso hospitalario e realízase nunha ou dúas sesións mediante una técnica chamada aférese.
- Doazón de medula ósea: consiste na extracción de células nai mediante a punción do óso da cadeira, baixo anestesia. Precisa de ingreso hospitalario de 24 horas.

Cómo podo facerme doador?

En Galicia, o centro de referencia de doadores de medula ósea é o **Centro de Transfusión de Galicia**. As persoas interesadas poden chamar ao número de atención ao doador (**900 100 828/900 102 688**), desde onde recibirán a explicación e documentación detallada.

Para saber máis:

<http://ctg.sergas.es/>

<http://www.fcarreras.org/es/>

<http://www.ont.es/informacion/Paginas/>

Centro de Transfusión de Galicia
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

900 100 828

www.sergas.es

Depósito Legal: C 172-2013

Servizo Galego de Saúde



Asistencia Sanitaria

DOAR?



III Concurso de debuxos e lemas relacionado coa doazón e os transplantes

Alberto Sánchez Fernández

CPI Vicente Otero Valcárcel. Carral

galicia



CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA



SERVIZO GALEGO de SAÚDE



XUNTA DE GALICIA

**SOLIDARIOS
ata a medula**

XUNTA DE GALICIA